

RECUPERACIÓN DE PENDENTES

RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE 1º ESO, 2º ESO E 3º ESO

A nota da avaliación destes alumnos, obterase como se indica a continuación :

Un exame da materia correspondente ó curso, que constitúe un 70 % da nota. Este realizarase no mes de Maio, na data marcada por a xefatura de estudos.

O 30% restante da nota acadarase entregando uns boletíns de exercicios que realizarán en cada avaliación. Contarase que estén ben resoltos e entregados en prazo. A finalidade destes boletíns é de facer un seguimento continuo destes alumnos. A nota final será a suma das notas dos tres boletíns e do exame. A nota que figurará no boletín será esa nota redondeada. No caso de que algún alumno non consiga aprobar a materia pendente pero aprrobe a materia do curso superior terá unha cualificación de 5 na materia pendente.

Os alumnos que non aproben na convocatoria ordinaria, terán unha proba en Setembro, que puntuará sobre 10 puntos. A nota de setembro será a nota do exame redondeada. No caso de que algún alumno non consiga aprobar a materia pendente pero aprrobe a materia do curso superior terá unha cualificación de 5 na materia pendente.

Esta información daráselle a coñecer aos alumnos ao principio de curso, por parte do profesor que lle imparta a materia ese curso.

RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE 1º DE BACHARELATO: (MATEMÁTICAS I E MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS I)

Realizarase un exame en xaneiro e outro en abril. Se a media dos dous exames é superior a 4,5 puntos o alumno ten aprobada a materia. De non ser así realizará un exame no mes de maio na data fixada por xefatura de estudos. En dito exame deberá examinarse da materia correspondente ó exame ou exames nos que obtivera unha nota inferior a 4,5 puntos.

- Se a media dos exames parciais é superior a 4,5 puntos, a cualificación final será o resultado de redondear dita nota media.

- No caso de facer o exame final de maio:
 - ◆ Se o fai de toda a materia, a cualificación final será o resultado de redondear a nota deste exame.
 - ◆ Se só repite un dos exames, a cualificación final será o resultado de redondear a nota media deste exame e do que xa tiña aprobado.

Se un alumno que teña pendente a materia de 1º, non consegue aprobar segundo o exposto anteriormente, pero sí aproba a de 2º na convocatoria ordinaria, terá no boletín unha cualificación de 5.

Aqueles alumnos que non consigan aprobar na convocatoria ordinaria, terán una convocatoria extraordinaria, que consistirá nun exame con preguntas relativas ós estándares correspondentes á materia. Este exame puntuará sobre 10, e figurará ao carón de cada pregunta a súa valoración. A cualificación será o resultado de redondear a nota deste exame. Se un alumno que teña pendente a materia de 1º, non consegue aprobar dita materia, pero sí aproba a de 2º na convocatoria extraordinaria, terá no boletín unha cualificación de 5.